

Recibimos a seguinte mensaxe do SERGAS:

O vindeiro **venres 26 de novembro** terá lugar a publicación nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais e centros asistenciais dependentes delas, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde, a resolución do 22 de novembro, desta Dirección de Recursos Humanos, pola que se formaliza unha convocatoria extraordinaria (Norma 6.3.2) para aspirantes a vinculacións temporais de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde na categoría de matrona e matrón.

Faise constar que:

1.- Por tratarse dunha convocatoria extraordinaria, a baremación das persoas aspirantes se referirá única e exclusivamente á súa formación académica.

2.- As listaxes resultantes se confeccionarán por ámbito de área sanitaria e comprenderán, de ser o caso, a quenda normal e a quenda de promoción interna temporal.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre as datas do 27 de novembro e o 7 de decembro (ambas incluídas).

4.- Os modelos de solicitude se facilitarán nas Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde, nos centros hospitalarios, nas Xerencias de Atención Primaria e na páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es)